

CONCELLARÍA DE PARTICIPACIÓN E INNOVACIÓN DEMOCRÁTICA

Asunto: Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello da Coruña e a Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana para o ano 2019.

Na cidade da Coruña, de 2019

REUNIDOS:

Dunha parte, Xulio Ferreiro Baamonde, ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DA CORUÑA que actúa en nome e representación do EXCMO. CONCELLO DA A CORUÑA, con NIF P1503000J, de conformidade co que dispoñen o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; os artigos 21 e 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o artículo 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

E doutra, D^a. María Luisa Varela Ínsua, con DNI nº 32434378P, en calidade de PRESIDENTA DA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DA CORUÑA E ÁREA METROPOLITANA, con CIF G15219165 e domicilio social en Avda de Glasgow, nº 7, 15008, A Coruña.

As dúas partes recoñécense entre si a capacidade xurídica suficiente e o poder bastante para obrigarse neste convenio e, para este efecto,

EXPOÑEN:

1º.- Que o municipio, para a xestión dous seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza. En todo caso, exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas nas materias sinaladas no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

O apartado 1.ñ) deste artigo sinala como competencia municipal a promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sustentable das tecnoloxías da información e as comunicacións.

Ademais, a participación cidadá é unha actividade transversal ao exercicio das demais competencias municipais. Así mesmo, as asociacións veciñais, recoñecidas pola lexislación, son instrumentos de participación cidadá nas políticas públicas do Concello no ámbito das súas competencias.

2º.- Que o goberno municipal ten como un dos seus obxectivos prioritarios crear novos dereitos para a cidadanía través da posta en marcha de canais, mecanismos e espazos que garantan a participación cidadá.

3º.- Que o Concello da Coruña, a través da Concellaría de Participación e Innovación Democrática, asume este reto, tendo en conta que, para a súa execución, é necesario

incentivar, favorecer, apoiar e impulsar as políticas de participación a través do empoderamento das asociacións veciñais da cidade.

4º.- Que as asociacións veciñais da cidade son entidades democráticas sen ánimo de lucro cuxa finalidade principal é defender os intereses da cidadanía, entendida esta en toda a súa diversidade, exercendo unha importante labor de mediación, vínculo e colaboración entre a veciñanza e as institucións públicas.

5º.- Que a Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana, segundo se define nos seus estatutos, é unha asociación sen ánimo de lucro, de interese xeral e participación cidadá, estando integrada por asociacións de veciños e veciñas do Concello da Coruña, e sendo a entidade máis representativa. A súa finalidade principal é promover, defender e representar os lexítimos intereses da cidadanía, en tanto que persoas residentes nos barrios e distritos da nosa cidade así como canalizar as súas propostas ante a sociedade e as institucións públicas.

6º.- Que tanto o Concello da Coruña, a través da Concellaría de Participación e Innovación Democrática, como a Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana consideran convinte para o mellor desenvolvemento das súas competencias e cumprimento dos seus fins, establecer unha colaboración formal entre as dúas institucións.

7º.- Que o Concello da Coruña é consciente da traxectoria e arraigo da Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana no territorio, así como do traballo realizado coa veciñanza da Coruña na procura de favorecer e apoiar o desenvolvemento e empoderamento das entidades que a conforman e entende que o seu traballo é de interese xeral para o conxunto da comunidade e, en consecuencia, o orzamento municipal para o ano 2018 recolle unha subvención de carácter nominativo a favor desta federación por un importe de **35.000,00 €**, coas finalidades detalladas neste Convenio.

8º.- Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu art. 2.1. entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á realización dunha actividade, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecesen e que a conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou de promoción dunha finalidade pública.

9º.- Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións recollidas nominativamente nos orzamentos, nos termos establecidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e o artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

10º.- Que as bases deste convenio regúlanse na Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar (publicada no Boletín Oficial da Provincia número 40 o 19 de febreiro de 2005).

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos no Art. 5 da Ordenanza Xeral de Subvencións por parte da entidade e por todo o exposto, as dúas partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración con suxeción ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto do presente Convenio é establecer as condicións da colaboración entre o Excelentísimo Concello da Coruña e a Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana coa finalidade de contribuír ao sostemento dos gastos ordinarios derivados das actividades desenvolvidas pola entidade.

SEGUNDA.- Obrigas do beneficiario

- A Federación comprométese a destinar os fondos achegados polo Concello da Coruña (**35.000,00 euros**) á antedita finalidade, que se desenvolverá entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019, e a presentar a documentación xustificativa da mesma nos termos establecidos neste convenio.

- A Federación comprométese a comunicarlle ao Concello, por escrito e no prazo máximo dun mes desde que teña coñecemento da súa concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- A Federación comprométese a conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

- A Federación comprométese a reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

- A Federación comprométese a que todo o persoal adicado á realización das actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de Protección Xurídica do Menor, asinando a declaración responsable.

- A Federación comprométese a que en todas as actividades organizadas directamente por ela e que garden relación co obxecto do presente convenio, incluírase ao Concello da Coruña como entidade patrocinadora.

- A Federación comprométese a publicar anualmente a memoria de actividades e orzamento na súa páxina Web.

- A Federación comprométese a cumprir coa normativa relativa á Instrución de Transversalidade de Xénero do Concello da Coruña e coa instrución de contratación con cláusulas sociais á hora de contratar servizos vinculados coas actividades subvencionadas.

- Ademais, a Federación comprométese a aplicar a subvención concedida aos seguintes fins, financiándose de xeito prioritario os gastos derivados de:

- A realización de actividades que contribúan a empoderar á veciñanza da Coruña, fomentando a súa implicación nas políticas de participación cidadá.
- A realización de labores de apoio, asesoramento, información e formación a todas as asociacións veciñais da cidade que o precisen, ofrecendo accións formativas gratuítas no ámbito do proceso administrativo de tramitación de axudas e subvencións e, especialmente, no uso da administración electrónica.

- A difusión e comunicación dos servizos de representación, apoio e asesoramento a todas as entidades da cidade dun xeito accesible a través de todos os medios ao seu alcance, nomeadamente a través da permanente actualización da nova páxina web.
- Os gastos do persoal necesario para prestar o asesoramento, organizar as actividades orientadas ás entidades, e realizar as tarefas administrativas vinculadas ás súas actividades de asesoramento, ou ás actividades orientadas ás entidades.
- A realización de labores de información e difusión sobre os proxectos e actividades que sexan de interese para as entidades veciñais e se dirixan a toda a cidadanía.
- A realización de encontros presenciais de debate, diálogo e información coas asociacións veciñais da cidade integradas na Federación.
- A prestación de apoio presencial á cidadanía para a participación individual nos procesos abertos, a través das novas tecnoloxías, utilizando a aula de informática da Federación.
- A organización, en colaboración coas entidades do barrio, dun obradoiro de conciliación para menores durante períodos vacacionais no Espazo Veciñal do Birloque que promoverá, a través das actividades, a participación cidadá na infancia.
- Os da organización das reunións da Comisión Permanente do Consello Confederal e Asambleas da Confederación Galega de Asociacións Veciñais “Rosalía de Castro” (CoGaVe) na cidade da Coruña, da que forma parte a Federación (incluíndo unicamente os gastos correspondentes á organización das reunións na Coruña, non outros gastos como desprazamentos ou aloxamento dos membros de outras federacións ou asociacións).

TERCEIRA.- Actuacións que corresponden ao Concello da Coruña.

O Concello da Coruña comprométese a:

- Outorgar unha subvención á Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana pola cantidade de corenta e cinco mil euros (35.000,00 €), con cargo á aplicación 80.924.48950 do orzamento en vigor , para o período de vixencia deste convenio. O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria á conta que indique a propia Federación, e se realizará logo de xustificación por esta da realización das actividades, proxectos, programas, obxectivos ou adopción do comportamento para o que se concedeu, de conformidade co disposto nos artigos 39 e 40 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Excelentísimo Concello da Coruña, publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 40 do 19 de febreiro de 2005.
- Comprobar o cumprimento de todas as estipulacións establecidas neste convenio e no marco xurídico definido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

CUARTA.- Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles gastos ordinarios que de maneira indubitada resulten estritamente necesarios para a execución das actividades da entidade e se realicen durante o exercicio 2019. Só serán subvencionados gastos correntes realizados no período de vixencia do convenio, é dicir, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019.

Serán **gastos directos subvencionables** os que figuran a continuación:

- a) As retribucións do persoal propio da Federación, adicado ás tarefas administrativas, de asesoramento e información, que se financiarán cun límite do 40% do importe total do convenio ou do gasto executado se fose menor.

Estos gastos estarán directamente vinculados as actividades financiadas e en ningún caso se poden imputar nesta partida gastos de xerencia ou coordinación que, en todo caso, serían tratados coma gastos indirectos.

- b) As retribucións de profesionais autónomos ou persoal externo cualificado necesario, directamente vinculado ao desenvolvemento do resto das actividades sinaladas na cláusula segunda, que se financiarán sen límite.
- c) A contratación dos servizos necesarios para a realización dos programas formativos, encontros, actividades infantís, programas de apoio á participación veciñal e o resto de actividades subvencionables.
- d) Os gastos de mantemento de equipos informáticos, as aulas e espazos utilizados para levar a cabo as actividades (tendo en conta que non son subvencionables os gastos inventariables).
- e) Os gastos de adquisición de materiais didácticos e outros recursos e bens consumibles necesarios para o desenvolvemento dos programas e actividades.
- f) Os seguros de accidentes e de responsabilidade civil que cubran estas continxencias para as persoas participantes nos programas e actividades.
- g) Os gastos de comunicación, publicidade e difusión dos programas e actividades.

En relación cos **gastos indirectos ou gastos xerais** da entidade (alugueres, enerxía eléctrica, auga, calefacción, teléfono, internet, e outros gastos como material de oficina e limpeza), serán subvencionables en función dos seguintes criterios:

- a) No caso de que se financien actividades ou proxectos concretos da entidade, poderase imputar á conta xustificativa, gastos xerais da entidade, sempre que teñan relación coas actividades financiadas, ata un 20% do importe total do convenio, ou do gasto executado se é menor, acreditando os mesmos cos correspondentes xustificantes de gasto e a acreditación do pago efectivo dos mesmos.
- b) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, sendo subvencionable so no caso de que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.
- c) A entidade poderá optar por imputar como gastos xerais ata un 10% do importe total do convenio sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso non se poderán imputar na conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral salvo que se acredite fehacientemente nos xustificantes de gastos que se trata dun gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade ou proxecto.

O resto do crédito do convenio non utilizado en gastos de persoal propio da Federación ou en gastos indirectos, poderá destinarse ao resto de gastos sinalados nesta cláusula.

Non serán subvencionables determinados gastos tales como investimentos inventariables, axudas de custe e desprazamentos.

En ningún caso, poderá concertarse pola entidade beneficiaria servizos ou subministros con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- Que se obteña a previa autorización do órgano concedente do seguinte modo:
 - Solicitude por parte da entidade interesada con carácter previo á execución da actividade ou proxecto subvencionado.
 - Acordo do órgano concedente, anterior á execución da actividade ou proxecto subvencionado, estipulando a persoa/entidade terceira/s coa que se contratará e o/os servizos/s que se recibe/n.

Subcontratación:

Poderase subcontratar ata o 50% da actividade subvencionada. Porén, o réxime de subcontratación suxeitarase ao seguintes límites:

- a) No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas e nos supostos previstos nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da LXS, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.
- b) No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas, para supostos distintos do apartado anterior e a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitirase coma gasto subvencionable só ata o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente coa subcontratación o custe da actividade subvencionada agás que este incremento supoña un valor engadido a actividade que deberá ser acreditado. No caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e exceda de 60.000,00 euros é preciso que se autorice o gasto previamente polo órgano concedente da subvención e que se formalice por escrito.
- c) No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e ser obxecto a subcontratación de autorización polo órgano concedente da subvención e sempre que o importe subvencionable no exceda do custe en que incórrao a entidade vinculada. A acreditación deste custe farase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos dos beneficiarios..

Non obstante o sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña una porcentaxe significativa do conxunto do gasto avaliarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o que se concedeu a subvención.

Aos efectos previstos, considerase que existe vinculación con aquelas persoas físicas ou xurídicas ou agrupacións sen personalidade nas que concorran algunha das circunstancias descritas no apartado 2 do artigo 68 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Gastos subvencionables con solicitude previa de ofertas:

De acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei Xeral de Subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, para o contrato menor (15.000,00 euros, sen IVE incluído), a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou fornezan, ou salvo que o gasto se tivera realizado con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Os gastos que se realicen apartándose dos fins previstos na cláusula 2 deste convenio ou fóra do seu prazo de execución non serán subvencionables. Porén, admitiranse os pagos efectuados ata a finalización do período de xustificación da subvención.

QUINTA.- Financiamento e pago

A actividade financiarase en todo ou en parte coa achega municipal establecida na cláusula segunda deste convenio.

En relación co Art. 32 do Regulamento da LGS enténdese que o Orzamento Xeral do Concello estableceu a achega municipal como un importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, queda a conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada.

Se o custo total da actividade é inferior ao importe do financiamento público, procederá o reintegro desta polo importe que pase o custo total da actividade, de acordo co art. 32.2 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Este convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas.

De conformidade co disposto no Art. 34 do Regulamento da LGS, sendo compatible dita achega con outras subvencións, no caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto ao custo total da actividade e fosen compatibles entre si, o beneficiario deberá reintegrar o exceso a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. No caso de que o Concello advirta o exceso de financiamento esixirá o reintegro polo importe total do exceso ata o límite da subvención abonada en virtude deste convenio.

A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial en que se reflecta o financiamento previsto, no momento da concesión, ou o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

Abono da subvención.

Con carácter xeral, o recoñecemento de obriga a favor do beneficiario e o pago da achega realizaranse tras a presentación e aprobación da xustificación nos termos establecidos neste convenio. Ditarase resolución declaratoria da perda de dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no Art. 37 da LGS.

Tamén poderán realizarse pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, deberá ser solicitado expresamente pola entidade beneficiaria e deberá constituírse unha garantía do 10% do importe total da subvención, que se realizará mediante a retención do pago polo Concello, xa sexa sobre o primeiro pago anticipado ou sobre varios ata alcanzar esta contía. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.

Non poderá realizarse o pago da subvención ao beneficiario en tanto non se ache ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias co Concello e a Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

SEXTA.- Xustificación

A Federación está obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos.

Resolta a concesión da subvención, a xustificación segundo as condicións acordadas para proceder ao abono da subvención concedida terá a forma de conta xustificativa.

O importe da subvención está vinculado ao orzamento total presentado e, en ningún caso, poderá ser superior ao déficit da mesma. A entidade beneficiaria deberá xustificar que mantivo un funcionamento da entidade nos termos da memoria presentada.

A documentación a achegar, a efectos de xustificación, é a seguinte:

1. Solicitud de xustificación, incluídas as declaracións e certificacións contidas no modelo (*Anexo 1-X*).
2. Memoria explicativa das actividades da entidade en 2018 (*Anexo 2-X*).
3. Balance de ingresos e gastos realizados, de forma que se poida comprobar a concordancia co orzamento inicial presentado (*Anexo 3-X*).
4. Relación detallada de xustificantes de gasto presentados de acordo co modelo municipal establecido ao efecto (*Anexo 4-X*).
5. Facturas xustificativas do gasto, aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de facturación. No caso de presentar fotocopias para dar cumprimento ao Art. 73 do Regulamento de LXS, antes de facer a fotocopia deberá estenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do servizo deste Concello. As facturas haberán de presentarse polo conxunto da actividade subvencionada aínda cando o

outorgamento da subvención municipal sexa inferior ao orzamento inicial. No caso de facturas emitidas por persoas físicas por servizos profesionais a entidade beneficiaria vén obrigada á retención do IRPF, nos límites e excepcións que establece a Lei e Regulamento do imposto ou no seu caso, debendo acreditarse o ingreso na Axencia Tributaria cos modelos 111 e 190.

6. Acreditación do pago efectivo das facturas derivadas do obxecto da subvención. O pago deberá acreditarse preferentemente mediante transferencia bancaria, podendo admitirse mediante cheque ou pagos en efectivo sempre que a cantidade aboada sexa inferior a 500 euros. No caso de que o pago dun servizo estea fraccionado en varios pagos, o límite de 500 euros entenderase para o conxunto dos pagos correspondentes ao servizo. No caso de pagos en efectivo deberá figurar claramente na factura a dilixencia de "Pagado", a sinatura do acredor e o DNI da persoa que acredita o pago. Se a factura corresponde a varios tickets de compra, deberán achegarse tamén os tickets como xustificantes de pago.
7. No caso de pagos a persoas físicas que presten servizos retribuídos, pago de premios ou pago de axudas de custo, estes gastos deben acreditarse coa presentación de facturas ou documentos de valor probatorio equivalente que reúnan os requisitos fiscalmente admisibles (a correspondente retención de IRPF) acompañadas do modelo 111 (trimestral) e o modelo 190 (anual) acreditativo do pago á Axencia Tributaria das retencións practicadas a profesionais suxeitos ao IRPF.
8. No caso de imputarse gastos de persoal, nóminas, será obrigatoria a presentación dos documentos TC1 e TC2 debidamente validados. O TC1 deberá estar selado pola oficina recadadora e/ou ir acompañado de xustificante bancario, aínda no caso de que non se imputen custos de seguridade social. O modelo TC2 deberá ir asinado pola persoa autorizada en caso de confeccionarse telemáticamente polo Sistema REDE. Deberá achegarse o modelo 111 (Trimestral) e modelo 190 (Resumo Anual) acreditativo do pago á Axencia Tributaria das retencións practicadas a traballadores suxeitos ao IRPF.

Os documentos esixidos haberán de ser orixinais, copias autenticadas ou fotocopias debidamente compulsadas.

O Concello resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, o beneficiario quedará obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

Lugar de presentación e prazo de xustificación

A documentación acreditativa da xustificación da subvención deberá presentarse en la sede electrónica del Ayuntamiento de A Coruña <https://sede.coruna.gob.es> con destino a la Concejalía de Participación e Innovación Democrática, no prazo dun MES contado a partir data de remate da a actividade financiada, finalizando por tanto o prazo de presentación da xustificación o 31 de xaneiro de 2020.

SÉTIMA.- Incumprimento e reintegro.

O incumprimento das obrigas reguladas na Lei Xeral de Subvencións, na Ordenanza ou nesta convocatoria, dará lugar á incautación da garantía no seu caso e/ou o reintegro ás arcas municipais do importe que proceda, e resultando de aplicación para a súa cobranza o disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos intereses de demora correspondentes desde o momento do pago da subvención e ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, sen prexuízo da sanción a que, no seu caso, houbese lugar. O acordo de reintegro será notificado ao interesado con indicación da forma e prazo en que debe efectuarse.

En todo caso, durante a tramitación do procedemento de reintegro garantirase o dereito do interesado á audiencia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención até a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

1. A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impidiran.
2. Obtención doutras axudas ou ingresos afectados para a mesma actividade que en concorrencia coa achega municipal superen o custe da actividade financiada.
3. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de publicidade.
4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei Xeral de Subvencións.
5. Calquera outra causa que expresamente constitúa infracción administrativa en materia de subvencións por acción ou omisión conforme ao establecido na Lei Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento.
6. En caso de xustificar fora do prazo sinalado na cláusula 14, e tralo requirimento efectuado dacordo co sinalado no artigo 70.3 do regulamento da LXS.

Infraccións e sancións.

Constituirán infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e a súa normativa de desenvolvemento.

Poderanse impor as sancións tipificadas nos artigos 59 ao 63 da Lei Xeral de Subvencións, axustándose ao procedemento sancionador previsto na devandita Lei, sendo o órgano sancionador competente o mesmo que ten atribuída a competencia para a súa resolución.

OITAVA.- A Federación é unha agrupación privada que por razón da actividade non queda en relación de dependencia respecto do Concello polo que este non é responsable nin directa nin subsidiariamente dos danos, tanto materiais como persoais ou morais que, por acción ou omisión de calquera clase poidan producirse durante o desenvolvemento da súa actividade.

A Federación obrígase a ter ao día baixo a súa responsabilidade cantas licenzas e autorizacións de organismos competentes en materia de sanidade, traballo, educación, tributarias ou calquera outras, precísense para o desenvolvemento da actividade.

NOVENA.- Vixencia do convenio

A vixencia deste convenio será desde 1 de xaneiro ata 31 de decembro de 2019.

DÉCIMA.- Causas de resolución do Convenio

Será causa de resolución do presente convenio o mutuo acordo entre as partes, así como a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas mediante preaviso comunicado de forma fehaciente no prazo dun mes desde que aquel fose detectado.

UNDÉCIMA.- Natureza

As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

En proba de conformidade, asinamos este convenio, en exemplar triplicado e para un só efecto, no lugar e na data arriba indicada.

DUODÉCIMA.- De conformidade co disposto no artigo 31.k) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Excelentísimo Concello da Coruña as partes asinantes do presente acordo recoñecen o carácter público deste.

TRIGÉSIMA.- A este convenio élle de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, a Lei 9/2007, de 13 xuño, de Subvencións de Galicia, e o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e no que proceda a Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Excelentísimo Concello da Coruña, publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 40 do 19 de febreiro de 2005.

E en proba de conformidade do anteriormente exposto, asinamos este convenio, por triplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e na data indicados no encabezamento.

O Alcalde do Concello da Coruña

A Presidenta da Federación de Asociacións
Vecinais da Coruña e Área Metropolitana

Xulio Ferreiro Baamonde

María Luisa Varela Ínsua